



# PLAN DIGITAL

## CEEPR JUAN MARÍA

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

Nome do Centro: CEEPR Juan María.

Dirección: Rúa As Agullas 12, 36379 Parada – Nigrán. Pontevedra.

Correo:

Páxina web: [www.centrojuanmaria.org](http://www.centrojuanmaria.org)

Aulas: 7 aulas.

Nº de alumnado: 30

Persoal: 1 directora, 7 mestras titoras, 1 mestra de apoio, 1 psicóloga, 1 psicomotricista, 1 fisioterapeuta, 1 logopeda, 5 cuidadores.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

#### **Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro:**

O Centro Juan María pertence á Asociación “La Esperanza del Valle Miñor” formada por nais, pais e titores de persoas con discapacidade intelectual. Damos cobertura á poboación de Nigrán, Gondomar, Baiona, Tomiño, Vigo e Mos. O noso traballo está orientado a persoas con discapacidade intelectual, con idades de 3 a 21 anos. Actualmente contamos con 30 alumnos/as distribuídos en sete aulas concertadas coa Consellería de Educación. A maioría do noso alumnado está en escolarización completa e outros en escolarización combinada con centros de educación ordinaria.

#### **Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa:**

O noso obxectivo principal é potenciar o desenvolvemento integral da persoa na súa vertente individual e social, respectando as súas capacidades e habilidades e ofrecéndolles unha resposta educativa axustada e de calidade a cada unha delas.

A nosa metodoloxía está baseada en aprendizaxes funcionais partindo de necesidades individuais dándolle a prioridade á integración multisensorial, aprendizaxes dinámicos, intelixencias múltiples e estimulación cognitiva e servizos complementarios de fisioterapia, logopedia, psicología, psicomotricidade e transición á vida adulta. Tamén ofrecémoslles actividades complementarias de comedor e transporte, actividades extraescolares e de ocio.

Proxectos en marcha:

- **“Infórmate fácil”**: é un plan de traballo co que tratamos de crear información adaptada e accesible de noticias de actualidade. Consta de:

- “Una voz para todos” é un xornal mural adaptado no que o noso alumnado redacta en lectura fácil ou pictogramas as noticias de actualidade que lles chama a atención e poñémolas no panel da entrada.

- “Reporteros en red” é un espazo web de información e expresión accesible en Lectura Fácil. O noso alumnado exerce de reporteiros, redactores, fotógrafos e cámaras. Despois dunha investigación previa, elaboran as reportaxes e entrevistas sobre a realidade e actualidade que lles rodea <https://centrojuanmaria.wixsite.com/reporterosenred>

- **“Blog de cocina Juan María”**: blogue didáctico para compartir receitas, actividades e hábitos saudables. <http://blogdecocinajuanmaria.blogspot.com/>
- **“Los videojuegos en el camino a la inclusión”**: empregamos videoxogos interactivos e realidade virtual con fins educativos, terapéuticos e lúdicos onde o noso alumnado pode desenvolver todo o seu potencial.

### **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23:**

O curso que vén engadiremos o plan dixital á programación xeral anual.

#### **1.3. Breve xustificación do mesmo**

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as contornas virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos deseñados polos docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo. Por iso deberán, respectando os estándares de interoperabilidade, permitir aos alumnos e alumnas o acceso, desde calquera sitio e en calquera momento, ás contornas de aprendizaxe dispoñibles nos centros docentes nos que estuden, con pleno respecto ao disposto na normativa aplicable en materia de propiedade intelectual, privacidade e protección de datos persoais. Así mesmo promoverán os principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas, tanto en formatos e contidos como en ferramentas e contornas virtuais de aprendizaxe. As Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

En liña coas orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027), a Consellería de Cultura, Educación e Universidade persegue a transformación dixital dos centros educativos de Galicia como organizacións a fin de que sexan

dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación o que require de un proceso de mellora das competencias dos membros da comunidade educativa que se deberá recoller nun Plan Dixital do Centro como organización.

#### 1.4. Proceso de elaboración

Ao longo do curso 2021-2022, elaboramos o documento do Plan Dixital para que sirva de referencia a toda a comunidade educativa, e que no curso 2022-2023 a súa aplicación sexa efectiva.

O proceso para o deseño e elaboración do Plan Dixital:

1. Realizar a análise e diagnose da situación do centro de SELFIE (ferramenta de autoavaliación) coa finalidade de obter en liña un informe de autoavaliación do centro (informe SELFIE). Durante o primeiro trimestre do curso 2021-2022.
2. Test de Competencia Dixital Docente (Test CDD) permite obter un Informe Individual coa valoración global do seu nivel competencial. Así mesmo, xera un Informe de Centro, sempre que máis do 20% do profesorado do centro o teña completado, a fin de mostrar resultados que sexan representativos. Durante o primeiro trimestre do curso 2021-2022.
3. Realizar a diagnose de situación do centro. a) A partir do Informe SELFIE, o centro poderá xerar un informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) que lle permitirá a análise de situación e a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións. O Informe Individual do test CDD permitirá ao centro educativo avanzar nas competencias profesionais docentes relacionadas co ámbito dixital, permitindo planificar unha formación persoal que atenda ao nivel de partida de cada docente.
4. O Plan Dixital realizarase en base a información recollida do informe de análise da situación do centro e de acordo coa estrutura ofrecida pola Consellería. No último trimestre do curso 2021-2022, o Plan Dixital será aprobado polo consello escolar, unha vez oído o claustro.

No curso 2022-2023, o centro procederá a implementación efectiva do Plan que estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Infraestrutura dixital do centro: conectividade por fibra, wifi en todo o centro, temos un escritorio remoto con acceso no colexio e desde casa onde colgamos os documentos e o material compartido para o traballo diario.
- Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías: 6 equipos de xestión e administración; biblioteca (1 portatil, 1

proxector, 1 mesa interactiva); 1 aula multimedia (2 ordenador, consolas e tv); 7 aulas (con 1 ordenador cada unha para as mestras, 2 aulas con PDI, 1 aula con pantalla interactiva adaptada, 3 aulas con 1 ordenador con pantalla táctil cada unha, 1 aula con 3 ordenadores para o alumnado desa aula), 1 aula de plástica cun ordenador, psicomotricidade cun ordenador portátil, fisioterapia, logopedia e psicoloxía cun ordenador cada unha, sala de reunións con portatil e pantalla.

- Servizos dixitais educativos:
  - Páxina web do Centro: <https://centrojuanmaria.org/>
  - Blogue de cocina: <http://blogdecocinajuanmaria.blogspot.com/>
  - Reporteros en red: <https://centrojuanmaria.wixsite.com/reporterosenred>
- Xestión do mantemento do equipamento do centro, faino unha empresa privada contratada polo Centro.
- Incluiremos o plan dixital ao protocolo de continxencia, como recurso para compartir información e tarefas coas familias e o alumnado no caso de outro confinamento.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### Autoavaliación SELFIE:

| Areas                                   | Grupos         | Ensinanzas         |
|---|----------------|--------------------|
|   |                | Educación Especial |
| A -Liderado                             | Equipo Direct. | 3,2                |
|   | Profesorado    | 2,9                |
|   | Alumnado       |                    |
| B- Colaboración e redes                 | Equipo Direct. | 1,7                |
|   | Profesorado    | 2,8                |
|   | Alumnado       |                    |
| C- Infraestruturas e Equipos            | Equipo Direct. | 3,8                |
|   | Profesorado    | 3,2                |
|   | Alumnado       |                    |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Direct. | 2,7                |
|   | Profesorado    | 2,6                |
|   | Alumnado       |                    |
| E- Pedagogía: Apoio e Recursos          | Equipo Direct. | 4                  |
|   | Profesorado    | 3,5                |
|   | Alumnado       |                    |
| F- Pedagogía: Implementación na aula    | Equipo Direct. | 3,4                |
|   | Profesorado    | 3,2                |
|   | Alumnado       |                    |
| G- Prácticas de avaliación              | Equipo Direct. | 1,5                |
|   | Profesorado    | 2,4                |
|   | Alumnado       |                    |
| H- Competencias dixitais do alumnado    | Equipo Direct. | 2,7                |
|   | Profesorado    | 3,3                |
|   | Alumnado       |                    |

## Test CDD:

### Participación segundo perfil do profesorado

|             | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|-------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| DEFINITIVO  | 8                             | 8                     | 100,00%         |
| PROVISIONAL |                               |                       |                 |
| INTERINO    |                               |                       |                 |
| SUBSTITUTO  | 1                             | 1                     | 100,00%         |
| DESPRAZADO  |                               |                       |                 |

### Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| 57,9                                 | Explorador/a (A2)    | 76,4  | Integrador/a (B1)               |

### Puntuación e nivel de competencia por etapas

|              | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| Ed. Especial | 57,9                                 | Explorador/a (A2)    | 72,2  | Integrador/a (B1)               |

### Distribución do profesorado por niveis

|                 | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|-----------------|---|---|
| A1              |   |   |
| Explorador/a A2 | 6   | 66,70%                                    |
| Integrador/a B1 | 3   | 33,30%                                    |
| B2              |   |   |
| C1              |   |   |
| C2              |   |   |
| TOTAL           | 9   | 100,00%                                   |

## 2.3. Análise DAFO

| INTERNOS   |                             | FORTALEZAS  | DEBILIDADES  |
|------------|-----------------------------|---|--|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Empregamos tecnoloxías dixitais para colaborar con outras organizacións.</li> <li>2. No noso centro hai dispositivos dixitais para o proceso ensino aprendizaxe.</li> <li>3. Facilitase o acceso a internet.</li> <li>4. Temos dispositivos dixitais para o alumnado e facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe.</li> <li>5. Temos un escritorio remoto onde compartimos información entre os profesionais do centro.</li> </ol> | <ol style="list-style-type: none"> <li>1. No noso centro non dispoñemos dos recursos dixitais suficientes.</li> <li>2. Necesitamos máis recursos dixitais adaptados ao noso alumnado.</li> </ol> |
|            | PERSOAL DOCENTE             | 1. O equipo directivo apoia ao profesorado para   | 1. No noso centro non dispoñemos dun   |

|                        |  |   |
|------------------------|--|---|
|                        | que explore novas modalidades de ensino.<br>2. O persoal docente coñece as normas sobre dereito de autor e licenzas de uso.<br>3. O persoal docente involúcrase moi positivamente na participación de cursos e no intercambio de experiencias.<br>4. O persoal docente utiliza as tecnoloxías para comunicarse coa comunidade educativa.<br>5. O profesorado emprega as tecnoloxías dixitais para favorecer a colaboración do alumnado e adáptase ás súas necesidades. | profesional que teña horas dedicadas para impartir clases de informática, para algúns grupos.<br>2. Necesidade de tempo para explorar o ensino dixital. |
| PERSOAL NON DOCENTE    |  | 1. O técnico informático non está no centro todos os días.  |
| ALUMNADO               |  |   |
| FAMILIAS               |  |   |
| OFERTA                 |  |   |
| ORGANIZACIÓN DO CENTRO | 1. No noso centro existen sistemas de protección de datos.   |   |

| EXTERNOS   |                          | OPORTUNIDADES | AMEAZAS  |
|------------|--------------------------|---------------|--|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA |               | 1. O custo do servizo técnico dos dispositivos e da contorna dixital corre a cargo do Centro, por medio de proxectos.<br>2. A Xunta non nos subvenciona os dispositivos.<br>3. Non dispoñemos dunha contorna dixital ofrecida pola administración educativa. |
|            | LEXISLACIÓN              |               |  |
|            | CONTORNA                 |               |  |
|            | ANPA                     |               |  |
|            | OUTRAS ENTIDADES         |               |  |

### 3. Plan de Acción

Este plan dixital aplicarase o curso 2022-2023, tendo en conta os recursos materiais e humanos que o Centro dispón no momento da súa elaboración. É un plan en continuo cambio e evolución dun curso a outro.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir da análise DAFO, definimos o Plan de Acción, instrumento realista, viable e asumible por toda a comunidade educativa.



### Pasos do Plan de Acción:

1. *Determinar os obxectivos que queremos conseguir*, estes obxectivos teñen que ser: específicos (concretos), medibles (metas cuantificables), alcanzables (ambiciosos, pero posibles), relevantes (orientados a mellorar) e definidos no tempo (isto facilitarían as etapas para alcanzalos).

Para completar a redacción dos obxectivos faise preciso concretar ata onde queremos chegar con cada un deles e con qué elementos, esta información daránola os indicadores.

Un indicador, ten como finalidade axudar á recollida de datos, polo tanto debe responder a escalas numéricas, ir acompañado dun valor de partida que informa da situación inicial do obxectivo, e dun valor previsto, reflicte a situación á que queremos chegar, o que nos permitirá valorar se temos acadado ou non o obxectivo. A data límite para conseguilo establece o marco temporal no que se debe alcanzar o valor previsto.

2. *Determinar as accións para conseguir cada obxectivo*, para lograr os obxectivos, debemos concretar accións que os desenvolvan, elixir os responsables, acordar unha temporización, os recursos materiais e humanos necesarios e valorar o cumprimento dos obxectivos facendo un seguimento do estado (realizada, pendente ou aprazada).

Para cada obxectivo cumprimentarase unha táboa (ver táboas dos obxectivos) que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

### **3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas**

Necesidades de equipamento: actualizar ordenadores para o alumnado con 10 ordenadores de sobremesa, 4 ordenadores con pantalla táctil, 1 proxector interactivo de chan para a sala de psicomotricidade, 7 Ipads (uno por aula), 1 mesa interactiva adaptada, 7 altavoces por bluetooth, 14 cascos.

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

| "Área/s de mellora": Liderazgo   |   |                       |   |                              |             |  |
|--|---|-----------------------|---|------------------------------|-------------|--|
| <b>OBXECTIVO 1 (1):</b>  | Empregar as normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso nos materiais elaborados |                       |   |                              | Acadado     |  |
| <b>RESPONSABLE:</b>  | Coordinador TIC   |                       |   |                              | Non acadado |  |
| <b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>   | Número de materiais creados   |                       |   |                              |             |  |
| <b>Valor de partida (3)</b>  | 0 materiais con pe de páxina na que poña os dereitos de autor e licenzas de uso       |                       |   |                              |             |  |
| <b>Valor previsto e data (4)</b>   | 10 materiais con pe de páxina na que poña os dereitos de autor e licenzas de uso      |                       |   | Ao remate do curso 2022-2023 |             |  |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER  |   |                       |   |                              |             |  |
| DESCRICIÓN (5)   | RESPONSABLES (6)  | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8)   | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN        |             |  |
|  |   |                       |   | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)     | ESTADO (10) |  |
| A01.1: Información ao persoal  | Coordinador TIC   | Setembro 2022         | Reunión co persoal  |                              | Realizada   |  |
|  |   |                       |   |                              | Aprazada    |  |
|  |   |                       |   |                              | Pendente    |  |
| A01.2: Seguimento dos materiais elaborados coas normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso | Coordinador TIC<br>Todo o persoal   | 2º trimestre          | Carpeta de materiais compartidos no escritorio remoto do centro |                              | Realizada   |  |
|  |   |                       |   |                              | Aprazada    |  |
|  |   |                       |   |                              | Pendente    |  |
| A01.3: Revisión dos materiais elaborados coas normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso   | Coordinador TIC<br>Todo o persoal   | 3º trimestre          | Carpeta de materiais compartidos no escritorio remoto do centro |                              | Realizada   |  |
|  |   |                       |   |                              | Aprazada    |  |
|  |   |                       |   |                              | Pendente    |  |

| “Área/s de mellora”: Infraestructura e equipos                      |   |                       |                              |                          |             |  |
|---|---|-----------------------|------------------------------|--------------------------|-------------|--|
| <b>OBXECTIVO 2 (1):</b>   | Actualizar e empregar o blogue da páxina web do Centro    |                       |                              |                          | Acadado     |  |
| <b>RESPONSABLE:</b>   | Dirección   |                       |                              |                          | Non acadado |  |
| <b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>                                | Número de publicacións que se fan no blogue da páxina web |                       |                              |                          |             |  |
| <b>Valor de partida (3)</b>   | 0 publicacións  |                       |                              |                          |             |  |
| <b>Valor previsto e data (4)</b>                                    | 5 publicacións  |                       |                              | Xuño 2023                |             |  |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER   |   |                       |                              |                          |             |  |
| DESCRICIÓN (5)  | RESPONSABLES (6)  | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8)      | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN    |             |  |
|   |   |                       |                              | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) |  |
| A02.1: Poñer en funcionamento o blogue                              | Responsable de comunicación                               | Setembro              | Web do centro                |                          | Realizada   |  |
|   |   |                       |                              |                          | Aprazada    |  |
|   |   |                       |                              |                          | Pendente    |  |
| A02.2: Difundir o blogue da páxina web entre a comunidade educativa | Responsable de comunicación                               | Setembro              | Web do Centro, redes sociais |                          | Realizada   |  |
|   |   |                       |                              |                          | Aprazada    |  |
|   |   |                       |                              |                          | Pendente    |  |
| A02.3: Actualizar o blogue  | Responsable de comunicación                               | Xuño                  | Web do Centro                |                          | Realizada   |  |
|   |   |                       |                              |                          | Aprazada    |  |
|   |   |                       |                              |                          | Pendente    |  |

| "Área/s de mellora": Colaboración e redes                            |  |                       |                         |                          |             |  |
|--|--|-----------------------|-------------------------|--------------------------|-------------|--|
| <b>OBXECTIVO 4 (1):</b>  | Conseguir un servizo de mensaxería coas familias |                       |                         |                          | Acadado     |  |
| <b>RESPONSABLE:</b>  | Dirección do centro                              |                       |                         |                          | Non acadado |  |
| <b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>                                 | Dispor de Abalar                                 |                       |                         |                          |             |  |
| <b>Valor de partida (3)</b>  | Non temos Abalar                                 |                       |                         |                          |             |  |
| <b>Valor previsto e data (4)</b>                                     | Empregar Abalar como servizo de mensaxería       |                       |                         | Setembro 2022            |             |  |
| ACCIÓN A DESENVOLVER   |  |                       |                         |                          |             |  |
| DESCRICIÓN (5)   | RESPONSABLES (6)                                 | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN    |             |  |
|  |  |                       |                         | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) |  |
| A04.1:<br>Dar de alta ao alumnado nas aula no XADE                   | Dirección  | Setembro 2022         | XADE                    |                          | Realizada   |  |
|  |  |                       |                         |                          | Aprazada    |  |
|  |  |                       |                         |                          | Pendente    |  |
| A04.2:<br>Comunicar as familias o novo sistema de mensaxería: Abalar | Dirección  | Setembro 2022         | Notas informativas      |                          | Realizada   |  |
|  |  |                       |                         |                          | Aprazada    |  |
|  |  |                       |                         |                          | Pendente    |  |

### Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
  - Definidos no tempo** (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR:** Permitirán **avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

### **ACCIÓNS A DESENVOLVER:**

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase A01.1., a segunda A01.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

#### 4. Avaliación do plan

**Avaliación procesual:** cunha frecuencia como mínimo dunha vez ao trimestre. Terase en conta o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

**Avaliación final:** cunha frecuencia como mínimo dunha vez ao ano. Terase en conta a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

#### 5. Difusión do plan

Para dar difusión ao plan dixital, este incluírase na páxina web do centro, enviaremos unha nota informativa ás familias comunicándolles os cambios con respecto á mensaxería e á aula virtual, ao persoal do centro informaráselle por correo electrónico a existencia do plan dixital e colgarase no escritorio remoto o documento plan dixital.